

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 6 DE MAIO DO 2013.**

=====

No Concello de Cangas, cando son as vinte horas do día seis de mai do dous mil trece, previa convocatoria, reúnense os/as seguintes concelleiros/as: D<sup>a</sup> Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa, D<sup>a</sup> Dolores Gallego Santos, D. José Luis Gestido Porto e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Lucía Lede Fernández, SUPLENTE: D. Jesús Manuel Graña Graña, baixo a presidencia do Sr. alcalde, Jose Enrique Sotelo Villar, asistidos por min a secretaria Acctal., D<sup>a</sup> María Rodríguez Gómez e a interventora, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Non asisten á sesión os concelleiros, D. Rafael Soliño Costas e D. Pío Millán Blanco.

Pola presidencia declarouse aberta a sesión, pasándose a tratar os seguintes puntos da orde do día:

### **1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA EN DATA 29 DE ABRIL DO 2013.**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou deixar pendente de aprobación a acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada en data 29 de abril do 2013.

### **URBANISMO E VIVENDA**

### **2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DE DATA 30 DE ABRIL DO 2013, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.**

#### **2.A) APROBA-LOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:**

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorga-las seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, ás condicións particulares e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de se-lo caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o técnico aparelador municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comeza-las obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se amparan, nas seguintes fases da obra:

a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.

b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.

c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedi-lo tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará tódalas medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do RDL 1/92 do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmóbeis e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufraga-los gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberáselle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comeza-la construción a que fai referencia esta licenza, o promotor das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evita-la perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

\* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

\*\*\*

## MAIORES

EXPEDIENTE Nº 23.706.- A Dominique Gagnon e James Fobert, con enderezo a efectos de notificación a Arquitecta Marta Gutierrez Mosquera en rúa Juan Castro Mosquera 74 - 2o 15005

A Coruña, para en Donón - Hio, en solo non urbanizable de protección de espazos naturais, regulados pola ordenanza 14, rehabilitar dúas edificacións tradicionais en 97,28 e 28, 60 m<sup>2</sup> de planta baixa e 41,90 de primeiro andar, de conformidade co proxecto básico visado o 17 de marzo de 2.011, autorización da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras de data 21 de marzo de 2.013 e informes favorables da Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, de data 13 de febreiro de 2.013 e Instituto de Estudos do Territorio de data 29 de xuño de 2.012 e condicionada a que antes do inicio das obras presente o correspondente proxecto de execución, oficios de dirección, estudo de seguridade e a presentar un aval a favor do Concello, do exacto cumprimento dos compromisos adquiridos no documento asinado polos solicitantes en data 15 de marzo de 2.012, por importe do 10% do custo estimado para a implantación e reforzo dos servizos.

EXPEDIENTE Nº 24.435.- A Roberto García Lemos e Gloria Pereira Lovera, con enderezo en Avda. De Vigo 33 - 5o b - Cangas, para en Cunchido - Darbo, en solo de núcleo rural, regulado pola ordenanza 11, construír unha vivenda unifamiliar de 143,85 m<sup>2</sup> de semisoto, 102,70 de planta baixa e 70,20 de primeiro andar, de conformidade co proxecto de novembro de 2.012, a utilizar os materiais que sinala a LOUGA para os núcleos rurais e a formalizar ante o Catastro a modificación que plantexa a presente licenza.

Acéptaselle a cesión gratuita de terreo para o vieiro efectuada con data 25 de xaneiro de 2.013.

EXPEDIENTE Nº 24.172.- O tramitado a instancia de Manuel Lafuente Perez, con enderezo en Urzaiz 116 - Io - Vigo, sobre solicitude de declaración de incursión na situación de fora de ordenación de vivenda sita en Pintens - Hio, acordase ARQUIVAR de conformidade coa resolución da Comisión Superior de Urbanismo de Galiza, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, de data 22 de abril de 2.013 que se adxunta, por estar situada a edificación na zona de servidume de protección de Costas Mariñas0.

EXPEDIENTE Nº 24.173.- O tramitado a instancia de José Joaquín Bernárdez Estevez, con enderezo en Cristo 64 - Vigo, sobre solicitude de declaración de incursión na situación de fora de ordenación de dúas edificacións destinadas a

vivenda sitas en Pintens - Hio, acordase ARQUIVAR de conformidade coa resolución da Comisión Superior de Urbanismo de Galiza, da Consellería ade Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, de data 22 de abril de 2.013 que se adxunta, por estar situada a edificación na zona de servidume de protección de Costas Mariñas °.

EXPEDIENTE N° 24.175.- O tramitado a instancia de Berta Seijo García, con enderezo en Gregorio Espino 32 - Io C - Vigo, sobre solicitude de declaración de incursión na situación de fora de ordenación de vivenda e outra edificación auxiliar, sita en Nerga 25 - Hio, acordase ARQUIVAR de conformidade coa resolución da Comisión Superior de Urbanismo de Galiza, da Consellería ade Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, de data 22 de abril de 2.013 que se adxunta, por estar situada a edificación na zona de servidume de protección de Costas Mariñas0.

EXPEDIENTE N° 24.176.- O tramitado a instancia de José Rodríguez Iglesias, con enderezo en Carreiro 5 - Nigran, sobre solicitude de declaración de incursión na situación de fora de ordenación de edificación prefabricada tipo caravana, sita en Nerga - Hio, acordase ARQUIVAR de conformidade coa resolución da Comisión Superior de Urbanismo de Galiza, da Consellería ade Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, de data 22 de abril de 2.013 que se adxunta, por estar situada a edificación na zona de servidume de protección de Costas Mariñas °.

EXPEDIENTE N° 24.177.- O tramitado a "instancia de Maria del Valle Bernárdez Zurita, con enderezo en Camiño das Castiñeiras 40 - Vigo, sobre solicitude de declaración de incursión na situación de fora de ordenación de vivenda sita en Nerga 159 - Hio, acordase ARQUIVAR de conformidade coa resolución da Comisión Superior de Urbanismo de Galiza, da Consellería ade Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, de data 22 de abril de 2.013 que se adxunta, por estar situada a edificación na zona de servidume de protección de Costas Mariñas0.

EXPEDIENTE N° 24.183.- O tramitado a instancia de Ricardo Iglesias Bastero, con enderezo en Avda. Sanguñeda 17 - Mos - Vigo, sobre solicitude de declaración de incursión na situación de fora de ordenación de unha edificación prefabricada tipo caravana sita en Nerga - Hio, acordase ARQUIVAR de conformidade coa resolución da Comisión Superior de Urbanismo de Galiza, da Consellería ade Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, de data 22 de abril de 2.013 •que se adxunta, por estar situada a edificación na zona de servidume de protección de Costas Mariñas0.

EXPEDIENTE N° 24.190.- O tramitado a instancia de José Conde Covelo, con enderezo en Rúa Chumba Cascalleira 27 - Teis - Vigo, sobre solicitude de declaración de incursión na situación de fora de ordenación de vivenda sita en Limens - Hio, acordase ARQUIVAR de conformidade coa resolución da Comisión Superior de Urbanismo de Galiza, da Consellería ade Medio Ambiente, Territorio

e Infraestructuras, de data 22 de abril de 2.013 que se adxunta, por estar situada a edificación na zona de servidume de protección de Costas Mariñas0. EXPEDIENTE S/Nº.- O tramitado a instancia^ de ASOCIACION RONOMAR, con enderezo en Urzaiz 120 - 3o F - Vigo, sobre solicitude de declaración de incursión na situación de fora de ordenación dunha edificacións e de superficies pavimentada dun camping en Limens - Hio, acordase ARQUIVAR de conformidade coa resolución da Comisión Superior de Urbanismo de Galiza, da Consellería ade Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, de data 22 de abril de 2.013 que se adxunta, por estar situada a edificación na zona de servidume de protección de Costas Mariñas °.

EXPEDIENTE S/Nº.- O tramitado a instancia de María Teresa Eiras Criado, con enderezo en Cástrelos Monte 16 - Vigo, sobre solicitude de declaración de incursión na situación de fora de ordenación de vivenda sita en Pintens - Hio, acordase ARQUIVAR de conformidade coa resolución da Comisión Superior de Urbanismo de Galiza, da Consellería ade Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, de data 22 de abril de 2.013 que se adxunta, por estar situada a edificación na zona de servidume de protección de Costas Mariñas0.

EXPEDIENTE S/Nº.- O tramitado a instancia de Julio Ferro Marra, con enderezo en 2a Trav. Padre Celso 16 - Vigo, sobre solicitude de declaración de incursión na situación de fora de ordenación de vivenda e unha edificación auxiliar, sita en Limens 73 - Hio, acordase ARQUIVAR de conformidade coa resolución da Comisión Superior de Urbanismo de Galiza, da Consellería ade Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, de data 22 de abril de 2.013 que se adxunta, por estar situada a edificación na zona de servidume de protección de Costas | Mariñas0 .

EXPEDIENTE S/Nº.- O tramitado a instancia de José Carlos Fernandez Alonso, con enderezo en San Roque 40 - Io - Vigo, sobre solicitude de declaración de incursión na situación de fora de ordenación de vivenda sita en Baixada a Ameles 3 - Hio, acordase ARQUIVAR de conformidade coa resolución da Comisión Superior de Urbanismo de Galiza, da Consellería ade Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, de data 22 de abril de 2.013 que se adxunta, por estar situada a edificación na zona de servidume de protección de Costas Mariñas0.

EXPEDIENTE S/Nº.- O tramitado a instancia de Saladina Fernandez Nogueira, con enderezo en rúa Cando 1 - Io b - Porriño, sobre solicitude de declaración de incursión na situación de fora de ordenación de vivenda sita en Viñó 43 - Hio, acordase ARQUIVAR de conformidade coa resolución da Comisión Superior de Urbanismo de Galiza, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, de data 22 de abril de 2.013 que se adxunta, por estar situada a edificación na zona de servidume de protección de Costas Mariñas0.

LICENZAS PRIMEIRA OCUPACION

EXPEDIENTE Nº 21.009.- LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION PETICIONADA POR MARIA DEL CARMEN MARTINEZ FERNANDEZ.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto polo Arquitecto Municipal, con data 29 de abril de 2013, acordou: a) outorgar LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION, a Maria del Carmen Martinez Fernandez, con enderezo en Enseñanza 54 - 2o D - Cangas, para vivenda, sita en San Antoniño - Darbo, construída o abeiro da licenza municipal Nº 20.487. Asimesmo aprobábase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

EXPEDIENTE Nº 22.535.- LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION PETICIONADA POR GONZALO BAQUETRO BERMUDEZ.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto polo Arquitecto Municipal, con data 25 de abril de 2013, acordou: a) outorgar LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION, a Gonzalo Baqueiro Bermudez, con enderezo en Río de Esteiro 262 - Hío, para reforma de vivenda, no referido lugar, construída o abeiro da licenza municipal Nº 21.656.

EXPEDIENTE Nº 24.081.- LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION PETICIONADA POR ANCORADOURO S.L.- A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ó respecto polo Arquitecto Municipal, con data 24 de abril de 2013, acordou: a) outorgar -LICENCIA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACION, a ANCORADOURO S.L., con enderezo en Aragón 2 -baixo Cangas, para dúas vivendas unifamiliares, sitas en Cimadevila - Darbo, construídas o abeiro da licenza municipal Nº 23.081. Asimesmo aprobábase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

#### INFORMES URBANISTICOS

EXPEDIENTE S/Nº .- A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS, con enderezo en Fernandez Ladreda 43 - Io - Pontevedra, facilítaselle a seguinte información urbanística en relación coa solicitude formulada por Stiven Villanueva Padin, Ref. Expte. A-P0-2013/79Q, para quiosco de tempada en Areabrava - Vilanova - Hío:

"O Concello de Cangas conta con Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas definitivamente por acordo da Comisión Provincial de Urbanismo de data 7 de outubro de 1.994. A parcela sinalada na documentación gráfica aportada presenta a seguinte ordenación urbanística de acordo tco disposto ñas vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento" do Concello de Cangas.- Clasificación urbanística do solo.- solo rustico. Cualificación urbanística do solo.- Solo non urbanizable de protección de costas.

Os usos permitidos son os definidos na lexislación sectorial de costas para a sonda de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre".

EXPEDIENTE S/Nº .- A CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS, con enderezo en Fernandez Ladreda 43 - Io-Pontevedra, facilítaselle a seguinte información urbanística en relación coa solicitude formulada por Marco de Cesáreo Feijoo, Ref. Expte. A-P0-2013/37Q, para quiosco de tempada en Areabrava - Vilanova - Hio:

"O Concello de Cangas conta con Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas definitivamente por acordo da Comisión Provincial de Urbanismo de data 7 de outubro de 1.994. A parcela sinalada na documentación gráfica aportada presenta a seguinte ordenación urbanística de acordo co disposto ñas vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Cangas.- Clasificación urbanística do solo.- solo rustico. Cualificación urbanística do solo.- Solo non urbanizable de protección de costas.

Os usos permitidos son os definidos na lexislación sectorial de costas para a zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre".

EXPEDIENTE S/Nº .- A CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS, con enderezo en Fernandez Ladreda 43 - Io-Pontevedra, facilítaselle a seguinte información urbanística en relación coa solicitude formulada por Jesús Otero Otero, Ref. Expte. A-P0-2013/40Q, para quiosco de tempada en Areabrava - Vilanova - Hio:

"O Concello de Cangas conta con Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas definitivamente por acordo da Comisión Provincial de Urbanismo de data 7 de outubro de 1.994. A parcela sinalada na documentación gráfica aportada presenta a seguinte ordenación urbanística de acordo co disposto ñas vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Cangas.- Clasificación urbanística do solo.- solo rustico. Cualificación urbanística do solo.- Solo non urbanizable de protección de costas.

Os usos permitidos son os definidos na lexislación sectorial de costas para a zona de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre".

EXPEDIENTE S/Nº .- A CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS, con enderezo en Fernandez?- Ladreda 43 - Io-Pontevedra, facilítaselle a seguinte información urbanística en relación coa solicitude formulada por Maria Mirlan Soto Bernárdez, Ref. Expte. A-P0-2013/41Q, para quiosco de tempada en Rodeira - Cangas:

"O Concello de Cangas conta con Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas definitivamente por acordo da Comisión Provincial de Urbanismo de data 7 de outubro de 1.994. A parcela sinalada na documentación gráfica aportada presenta a seguinte ordenación urbanística de acordo co disposto ñas vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Cangas.- Clasificación urbanística do solo.- solo rustico. Cualificación urbanística do solo.- Solo non urbanizable de protección de costas.

Os usos permitidos son os definidos na lexislación sectorial de costas para a sonda de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre".

EXPEDIENTE S/Nº .- A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS, con enderezo en Fernandez Ladreda 43 - Io-Pontevedra, facilítaselle a seguinte información urbanística en relación coa solicitude formulada por María Luisa Costas Lorenzo, Ref. Expte. A-P0-2013/58Q, para quiosco de tempada en Pintens - Hio:

"O Concello de Cangas conta con Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas definitivamente por acordo da Comisión Provincial de Urbanismo de data 7 de outubro de 1.994. A parcela sinalada na documentación gráfica aportada presenta a seguinte ordenación urbanística de acordo co disposto nas vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Cangas.- Clasificación urbanística do solo.- solo rustico. Cualificación urbanística do solo.- Solo non urbanizable de protección de costas.

Os usos permitidos son os definidos na lexislación sectorial de costas para a sonda de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre".

EXPEDIENTE S/Nº .- A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUCTURAS, con enderezo en Fernandez Ladreda 43 - Io-Pontevedra, facilítaselle a seguinte información urbanística en relación coa solicitude formulada por Ezequiel Martínez Santos, Ref. Expte. A-P0-2013/77Q, para quiosco de tempada en Viñó - Hio:

"O Concello de Cangas conta con Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas definitivamente por acordo da Comisión Provincial de Urbanismo de data 7 de outubro de 1.994.

A parcela sinalada na documentación gráfica aportada presenta a seguinte ordenación urbanística de acordo co disposto nas vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Cangas.- Clasificación urbanística do solo.--solo rustico. Cualificación urbanística do solo.- Solo non urbanizable de protección de costas.

Os usos permitidos son os definidos na lexislación sectorial de costas para a sonda de servidume de protección do dominio público marítimo terrestre".

2.A.2) DENEGA-LOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.3) INFORMACIÓN URBANÍSTICA DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.4) PARCELACIÓN URBANÍSTICAS DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:



## 2.A.5) ARQUIVO DE EXPEDIENTES DE OBRAS:

## 2.A.6) EXPEDIENTES DE OBRAS PENDENTES SOBRE A MESA:

EXPEDIENTE Nº 1.615.- LICENCIA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECIMIENTO PETICIONADA POR LORETO SOCORRO FERRERO GONZALEZ.- A Xunta de Goberno Local acordou conceder licenza municipal de apertura de establecemento adicado a administración de lotería, en Castela 9 - Cangas, peticiónada por Loreto Socorro Ferrero González, con enderezo no referidio a lugar, tendo en conta os informe de comprobación efectuado polo Arquitecto Municipal con data 18 de abril de 2.013.

Advirtese que a licenza outorgada é de tracto continuo polo que en caso de sobrevir novos factores obxectivos non previsibles na tramitación desta autorización, ou no caso de incumprimento ou non funcionamento das medidas correctoras aplicadas ou previstas no proxecto presentado, procederase á revisa-la licenza outorgada e inclusive a súa revogación no caso de que non fora posible restablece-la seguridade ou tranquilidade esixible. Esta revogación non conlevará para o Concello a carga de indemnización ningunha.

\*\*\*

## 2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES.

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorga-las seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advirtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicita-lo interesado/a que se leve a cabo esta antes de comeza-las obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

- a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

\*\*\*

## MENORES

EXPEDIENTE Nº 24.493.- A GRUPO MEDIPIPA S.L., con enderezo en Praia de Menduiña 72 - Aldan, para no referido lugar, efectuar reformas interiores en 206,66 m<sup>2</sup>, de conformidade co proxecto de xaneiro de 2.013 e autorización da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras', de data 25 de abril de 2.013.

EXPEDIENTE Nº 24.519.- A José López Vilariño, con enderezo en Ia Trav. De Longan 4 - 4ºA - Cangas, para en Ia Trav. De Longan 7 baixo - Cangas, abrir 2 ocos para portas, de conformidade coa documentación presentada e sen prexuízo de dereitos de terceiros, en especial da autorización, se procede, da Comunidade de propietarios.

EXPEDIENTE Nº 24.520.- A Maria del Carmen Gómez López, con enderezo en rúa Conde 77 - Arca'de - Soutomaior, para en camiño Novo da Devesa 21 - Aldan, cambiar o material de cubrición dacuberta en 52,65 m<sup>2</sup>, de conformidade co proxecto de febreiro de 2.013.

EXPEDIENTE Nº 24.530.- A Carmen Molanes Fernandez, con enderezo en Avda. De Ourense 15 - Cangas, para no referido lugar, reparar a cuberta en 121,96 m<sup>2</sup>, de conformidade co proxecto de marzo de 2.013. De acordo co establecido no art. 103 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galiza, trátase de unha licenza que se concede a unha edificación á que se aplica o réxime de fora de ordenación, tratándose de obras necesarias para o mantemento do uso preexistente e dando traslado deste acordo ó Rexistro da Propiedade para efectos da súa constancia, das limitacións e condicións especiais na concesión de licenzas en edificacións fora de ordenación.

EXPEDIENTE Nº 24.538 e 1.648.- A GALICIA MOVILES Y SISTEMAS S.L., con enderezo en Rosalía de Castro 71 - Milladoiro - Ames A Coruña, para en Eugenio Sequeiros 29 - Cangas, acondicionar interiormente un local de 99,95 m<sup>2</sup>, para comercio polo miúdo de material e aparatos electrónicos, de conformidade co proxecto de abril de 2.013.

Non se poderá comenzar a actividade mentras non se efectúe polo Técnico Municipal e Xefe Local de Sanidade a correspondente comprobación.

Advírtese que a licenza outorgada é de tracto continuo polo que en caso de sobreveniencia de novos factores obxectivos non previsibles na tramitación desta autorización, ou no caso de incumprimento ou non funcionamento das medidas correctoras aplicadas ou previstas no proxecto presentado, procederase á revisa-la licencia outorgada e inclusive a súa revogación no caso de que non fora posible restablece-la seguridade ou tranquilidade esixible. Esta revogación non conlevará para o Concello a carga de indemnización ningunha.

Non obstante deberá cumprir o establecido no artigo 47 do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Cangas (BOP 28-6-2000) que dispon: "En todo o conxunto edificado do Casco Histórico recoméndase a utilización de contrafiestras interiores de madeira nos ocios da fiestras, balcóns ou portas de aire, pintadas en branco ou cores que armonicen co da carpintería.

Prohíbese expresamente, en calquera caso, a exposición ó exterior de persianas plásticas ou doutros materiais, tampouco se pode instalar capialzados exteriores para aloxar presianas enrolables ou toldos.

As galerías ou miradores só poderán levar ó interior perianas venecianas ou enrolables de materias moi lixeiros que ñon modifiquen o efecto de transparencia e lixeireza dos seus parámetros. A súa coloración armonizará co do entramado da galería ou mirador, debendo evitarse a gama de cores primarios.

EXPEDIENTE Nº 24.542.- A GAS GALICIA S.D.G. S.A. con enderezo en Trav. De -Vigo 204 - Vigo, para en Ramón Franco 14 Cangas, executar unha canalización de 1,00 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

As obras non se podrán realizar no periodo do verano, comprendido entre o 15 de xullo o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciskis.

Debe repoñer a totalidade dos servicios e infraestructuras afectadas.

Por razóns de seguridade e na medida do posibel, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debendose emprazar ñas zonas destinadas a veirarruas.

Debe presentar un aval por importe de 300,00 euros para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o Concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada "esta obra, será por conta de Gas Galicia o traslado, adaptación, reposición ou calqueira outra actuación que resulte necesaria, sen que elo supoña dereito a ningún tipo de indenización.

EXPEDIENTE Nº 24.545.- A Ana Patricia Casal Paredes, con enderezo en Doctor Casares 155 - 5o G - Monforme - Lugo, para en Areamilla 33 - Darbo, executar reparacións exteriores en edificación adxetiva consistentes en 62,98 m2 de cambio de tella e 111,28 m2 de reparación de fachadas, de conformidade coa documentación presentada. De acordo co establecido no art. 103 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galiza, trátase de unha licenza que se concede a unha edificación á que se aplica o réxime de fora de ordenación, tratándose de obras necesarias para o mantemento do uso preexistente e dando traslado deste acordo ó Rexistro da Propiedade para efectos da súa constancia, das limitacións e condicións especiais na concesión de licenzas en edificacións fora de ordenación.

EXPEDIENTE Nº 24.546.- A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO SOLPOR, con enderezo en Avda. De Lugo13 - Cangas, para no referido lugar, reparar a cuberta-terraza en 290,00 m2, de conformidade co estudo técnico de xaneiro de 2.013.

EXPEDIENTE Nº 24.554.- A Irene Calvar Sotelo, con enderezo en Avda. De Ourense 82 - Cangas, para no referido lugar, reformar a cociña en 9.00 m2, de conformidade coa documentación presentada.

EXPEDIENTE Nº 24.564.- A Juan Francisco Sarmiento Seguin, con enderezo en Alvaro Guitian 2 - Cangas, para no referido lugar, colocar chapa metálica en 15,00 m2, de conformidade coa documentación presentada.

Non obstante deberá cumprir o establecido no artigo 47 do Plan Especial de Protección e Reforma Interior do Casco Antigo de Cangas (BOP 28-6-2000) que dispon: "En todo o conxunto edificado do Casco Histórico recoméndase a utilización de contrafiestras interiores de madeira nos ocios das fiestras, balcóns ou portas de aire, pintadas en branco ou cores que armonicen coa carpintería.

Prohíbese expresamente, en calquera caso, a exposición ó exterior de persianas plásticas ou doutros materiais, tampouco se pode instalar capialzados exteriores para aloxar persianas enrolables ou toldos.

As galerías ou miradores só poderán levar ó interior persianas venecianas ou enrolables de materias moi lixeiros que non modifiquen o efecto de transparencia e lixeireza dos seus parámetros. A súa coloración armonizará co do entramado da galería ou mirador, debendo evitarse a gama de cores primarios.

EXPEDIENTE Nº 24.553.- A Lina Carrillo Santiago, con enderezo en Avda. Joselin 7 portal 3 - 5o B - Baiaona, para en Airiños do Monte - Darbo, executar reparacións interiores en £0,00 m2, de conformidade coa documentación presentada.

EXPEDIENTE Nº 24.570.- A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS EDIFICIO LOS LEONES, con enderezo en Barbate 2 - Cangas, para no referido lugar, reparar o

peto na afachada do edificio en 33,20 metros, de conformidade co proxecto de abril de 2.013. De acordo co establecido no art. 103 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galiza, trátase de unha licenza que se concede a unha edificación á que se aplica o réxime de fora de ordenación, tratándose de obras necesarias para o mantemento do uso preexistente e dando traslado deste acordo ó Rexistro da Propiedade para efectos da súa constancia, das limitacións e condicións especiais na concesión de licenzas en edificacións fora de ordenación.

EXPEDIENTE N2 24.430.- O tramitado a instancia de Salvador Dasilva Hermelo, con enderezo en Fomento 3 - Io - Cangas, para cerco en Santa Marta - Darbo, acordase declaralo caducado de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, de 26 de novembro, o transcurrir mais de tres meses dende o requerimento de presentación de documentación de data 21 de xaneiro de 2013.

EXPEDIENTE N2 24.4^0.- O tramitado a instancia de José Regueiro Sánchez, con enderezo en Regueiro 3 - 6o D - Vigo, para cerco ;en Vilariño - Hio, acordase declaralo caducado de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, de 26 de novembro, o transcurrir mais de tres meses dende o requerimento de presentación de documentación de data 25 de xaneiro de 2013.

EXPEDIENTE Nº 24.532.- O tramitado a instancia de MONTAJES HERMANOS RAMALLO S.L., con enderezo en Lameira 83 - Moaña, para instalación de grupo de bonbeo e acometida de sumidoiro en Angueiro - Darbo, acordase deixalo en suspenso, de conformidade co acordo plenario de data 25 de xaneiro de 2.013 en tanto non se aprobé definitivamente a modificación puntual do SAUI.

## **2.C) APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS.**

EXPEDIENTE Nº 1.594.- LICENCIA MUNICIPAL DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO PETICIONADA POR CIRCUNDADO DE MIRANDA S.L.-

A Xunta de Goberno Local acordou conceder licenza municipal de apertura de establecemento adicado a vivenda turística, en Castro-Miranda 16 - Coiro, peticiónada por CIRCUNDADO DE MIRANDA S.L., con enderezo en Ferrol 7 - entrechan b - Cangas, non podendo comenar a ctividade ata que solicite a correspondente visita de comprobación e con independencia da obtención da clasificación do establecemento como vivenda turística.

Advertese que a licenza outorgada é de tracto continuo polo que en caso de sobrevir novos factores obxectivos non previsibles na tramitación desta autorización, ou no caso de incumprimento ou non funcionamento das medidas correctoras aplicadas ou previstas no proxecto presentado, procederáse á revisa-la licenza outorgada e inclusive a súa revogación no caso de que non fora posible restablece-la seguridade ou tranquilidade esixible. Esta revogación non conlevará para o Concello a carga de indemnización ningunha.

EXPEDIENTE N2 1.549.- 0 tramitado a instancia de Teresa Solía Moarés, con enderezo en Avda. de Bueu 11 - baixo - Cangas, para zapatería no referido lugar, acordase declaralo caducado de conformidade co art. 92 da Lei 30/92, de 26 de novembro, o transcurrir mais de tres meses dende o requerimento de presentación de documentación de data 9 de novembro de 2.012.

## **SANIDADE,SERVIZOS SOCIAIS E MULLER**

### **3º.- PROPOSTA DO XEFE DE SERVIZO DO CENTRO MUNICIPAL DE BENESTAR SOCIAL S/CONCESIÓN DE AXUDAS ECONÓMICAS DE EMERXENCIA PARA COMEDOR ESCOLAR.**

Examinada a proposta do xefe de servizo do Centro Municipal de Benestar Social, de data 2.5.13, relativa a concesión de axudas económicas de emerxencia para o Servizo Municipal de Comedor Escolar, que di:

*"Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, desde a xefatura de servizo do Centro Municipal Social, propónselle á Xunta de Goberno Local a seguinte resolución:*

*\* Concederlle a Dna. M. C. Torres Loira, con DNI 52.496.865-D, a axuda económica de emerxencia para a cobertura dos gastos de comedor escolar curso 2012/2013 no CEIP a Rúa, do seu fillo: H. H. Ferral Torres, escolarizado en 3º curso de primaria.*

*- Custo do servizo total: 122,25 €.*

*- Axuda concedida: 122,25 €."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, aprobar integramente a proposta transcrita.

## **CONTRATACIÓN**

### **4º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/INICIO DE EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO PARA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE PRODUCTOS DE LIMPEZA E ROUPA DE TRABALLO.**

PROPOSTA DA ALCALDIA

Visto o PLAN DE AXUSTE aprobado polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 4.05.2012, que foi informado favorablemente polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

Visto que no dito Plan, este Concello comprométese á adoptar unha serie de medidas de cara á redución de gastos para os exercicios 2012 e seguintes entre as cales está a aplicación dunha política de austeridade no gasto en tódolos departamentos e servizos municipais.

Vista necesidade de adquisición de material de limpeza e vestiario de traballo para diferentes departamentos municipais.

Por todo o que antecede, á Xunta de Goberno Local, PROPOÑO

Primeiro.- Incoar expediente administrativo para a contratación da subministración de produtos de limpeza (lote n.º 1) e vestiario/roupa de traballo (lote n.º 2).

Segundo.- Que a Secretaria Xeral emita informe sobre a lexislación aplicable e o procedemento máis axeitado a seguir segundo as características do contrato.

Terceiro.- Que se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

Cuarto.- Que a Interventora municipal emita informe sobre a fiscalización previa ou crítica do gasto.

Quinto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Secretaría, Intervención e Apoio Xurídico.

#### **ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formularon.

E non tendo máis asuntos de que tratar, rematou a sesión cando son as vinte horas e cincuenta minutos do mesmo día, do que eu, secretaria, dou fe.